

## **MENÚ DE CINE**

Estimadas familias:

Este mes presentámosvos un menú especial coa temática de diferentes películas infantís de gran éxito. Comezamos de primeiro prato con “Star Wars”, pasaremos o segundo prato con “Do Revés” e remateremos con “Branca-neves”.

1º Prato: Así define Obi-Wan Kenobi a forza: a forza é o que dá ao Jedi o seu poder. É un campo de enerxía creado por todas as cousas viventes. Rodéanos, penétranos e mantén unida a galaxia. Cando escoitamos esta impresionante definición, puxémonos a pensar nunha receita que puidese recrear e captar a forza. Saíunos esta ensalada de macarrones, que achega un campo de enerxía para o teu corpo, está repleta de forza e leva unha salsa carbonara que mantén unida toda a galaxia de pasta.

2º Prato: Encantounos ver reflectidas nosas propias emocións na película Do Revés. A cociña tamén provoca moitas de elas! E pensamos nunha receita de peixe en salsa verde na que poden aparecer todas esas emocións: Medo a que salga mal a pasta? Noxo se hai que limpar o peixe? Ira, sempre acesa, pódenos botar unha man co lume. Pero Alegría será a protagonista cando a probedes. E tristeza chegará a última, cando xa non quede nada no prato.

Sobremesa: A mazá é un das iconas desta película, pois é unha mazá envelenada a que deixa durmida a Branca-neves. Nunha especie de redención da mazá, propuxémonos facer unha receita cos efectos contrarios: divertida e que dea ganas de vivir a lume de biqueira a quen a coma.

## **Menú 28 de abril de 2017**

### **1º prato: ensalada da forza**



### **2º prato: emocións en salsa verde**



### **Sobremesa: mazás da casa do bosque**

